

OS MAIOS 2025

BASES

Primeira.-

A Delegación de Cultura do Concello de Monforte de Lemos convoca o **Concurso OS MAIOS**, que se realizará o 7 **maio de 2025**.

Segunda.-

Poderán participar no concurso todos os monfortinos que o desexen. Para participar no concurso dos Maios é necesario inscribirse oficialmente. As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte do 2 ó 6 maio de 2025.

Terceira.-

O tema tratará sobre calquera tipo de Maio.

Cuarta.-

Os Maios saíran a percorrer as rúas da cidade libremente e xuntaranse na Praza de España ás 17:30 horas, onde se interpretarán as coplas.

Quinta.- PREMIOS.

Haberá dúas modalidades *MAIOS* e *COPLAS*:

MAIOS

Haberá dúas categorías:

/Maios asociacións ou colectivos e particulares.

/Maios centros de ensino.

Haberá un primeiro, un segundo e un terceiro premio e un máximo de seis accésits por categoría. A suma total dos premios concedidos no concurso de os maios non superará os 1.500,00€, que se aplicarán con cargo a partida 334.480.05, sen prexuízo de que o importe dos premios sexa inferior.

PREMIOS (por categoría):

1º premio 200,00€ 2º premio 150,00€ 3º premio 100,00€

6 Accésits de 75,00€

COPLAS

Haberá un primeiro, un segundo e un terceiro premio e un máximo de seis accésits para a única categoría. A suma total dos premios concedidos no concurso de coplas non superará os 405,00€, que se aplicarán con cargo a partida 334.480.05, sen prexuízo de que o importe dos premios sexa inferior.

PREMIOS:

1º premio 100,00€ 2º premio 75,00€ 3º premio 50,00€

6 Accésit de 30,00€

Os premios serán indivisíbeis e poderán quedar desertos algúns deles, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Criterios de valoración do xurado maios:

Valorarase a imaxinación, a idea, a estética, a orixinalidade, os materiais utilizados, e que estes teñan calidade.

Criterios de valoración do xurado coplas:

Valorarase a interpretación, a posta en escena, a imaxinación, a idea, a orixinalidade, os instrumentos musicais utilizados e o número de compoñentes.

Sexta.- O xurado do concurso estará composto por:

PRESIDENTE: A Delegada de Cultura ou persoa á que designe.

VOGAIS: Persoas de diferentes ámbitos sociais, educativos e culturais de Monforte de Lemos.

SECRETARIO/A: O técnico de cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

Sétima.- A inscrición no concurso dos maíos implica a autorización ó Concello de Monforte de Lemos de todos os participantes inscritos, da recollida e tratamento dos Datos Persoais dos participantes que teñen como finalidade a xestión do concurso convocado polo Concello, entrega de premios e publicación dos gañadores, así como na posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade, documentos a utilizar polo Concello na súa páxina web, na elaboración de carteis, en folletos informativos ou outras posibles edicións municipais.

Oitava.- Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Monforte de Lemos, a través dunha transferencia bancaria. Previamente será necesario a presentación do certificado bancario cun número da conta do titular.

Non poderá realizarse o pagamento do premio mentres o beneficiario non se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.